



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA O CONCELLO DE MOS PARA A MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA URBANIZACIÓN DE SAN ELEUTERIO.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, Ánxeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 94/2018, 26 de setembro (DOG nº 185, 27 de setembro de 2018) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Da outra, Nidia M.^a Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- O Concello de Mos, trata de promover unha actuación consistente na “Mellora da pavimentación da urbanización de San Eleuterio”.

A actuación sitúase no ámbito dun grupo de vivendas residenciais de protección autonómica (VPA) en bloque aberto con catro alturas. Existen áreas deste polígono aínda non desenvolvidas, pero a rede viaria está perfectamente definida e urbanizada.

O núcleo urbano de San Eleuterio está situado no centro do Concello, na parroquia de Tameiga. Trátase dun solo residencial do Plan Parcial de Solo Urbanizable Residencial San Eleuterio aprobado o 15 de xullo de 1992 por parte de la Comisión Provincial de Urbanismo



As actuacións a levar a cabo consisten no seguinte:

- a) Eliminación de especies de plantas invasoras
- b) Eliminación de especies de árbores debido á presenza de fungos
- c) Plantación de arbustos en parterres
- d) Plantación especies vexetais arbóreas de gran porte
- e) Instalación de rego automático
- f) Substitución de bancos existentes
- g) Protección e creación de rutas peonís

II.- Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o ano 2019 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación.

No apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, modificado polos Decretos 177/2016, do 15 de decembro e 106/2018, do 4 de outubro, atribúeselle á Consellería a competencia para realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

En relación co anterior, unha das liñas de actuación da Consellería consiste na colaboración cos concellos para a mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Polo tanto, atendendo á finalidade da actuación, considerase que forma parte das liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda definidas no xa citado artigo 10.1 m) do Decreto 167/2015, do 13 de novembro.

III.- Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no exercicio das súas competencias, e o concello de Mos, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO





XUNTA DE GALICIA

galicia

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Mos, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “**Mellora da pavimentación da urbanización de San Eleuterio**”.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Mos comprométese a:

- 1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.
- 2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
- 3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a explotación e conservación das mesmas.
- 4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.
- 5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA





XUNTA DE GALICIA

galicia

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, asume os seguintes compromisos:

1.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación 07.04.521A 607.1, **cincuenta mil trescentos corenta e catro euros con sesenta e sesenta cinco céntimos (50.344,65 €)**, na anualidade de 2019.

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de Mos para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, esta poñerá en coñecemento do concello de Mos, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para velar polo cumprimento deste convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do mesmo. Formarán parte pola Consellería a persoa titular da Dirección Xeral de





Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o Concello estará representado pola persoa titular da Alcaldía ou persoa en quen delegue e a persoa titular da concellaría responsable de obras e/ou infraestruturas.

Dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

SEXTA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula sexta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do convenio.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control deste convenio, poderán acordar a continuación e financiación das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo





XUNTA DE GALICIA

galicia

improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula terceira do convenio.

OITAVA.-NATUREZA

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración Local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo e demais normas de Dereito administrativo e en defecto deste último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

O convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ó acordado en todas as estipulacións, aplicándosele os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4).

NOVENA.- PUBLICIDADE E REXISTRO

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no mesmo, sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.





XUNTA DE GALICIA

galicia

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao Concello e, de ser o caso, a formalización da acta de entrega, segundo o establecido na cláusula terceira. A duración deste convenio non pode ser superior a catro anos, sen prexuízo de que en calquera momento antes da finalización deste prazo, os asinantes do mesmo, poderán acordar conxuntamente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

O anterior entenderase sen prexuízo de que o gasto que comporta para a Consellería se circunscriba aos exercicios orzamentarios reflectidos na cláusula cuarta.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, o obrigado con iso ás Administracións que representan, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA
A Conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda
(Asinado electronicamente)

POLO CONCELLO DE MOS
A Alcaldesa
(Asinado electronicamente)

Ánxeles Vázquez Mejuto

Nidia M.^a Arévalo Gómez

